



ctnl
Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización
da Lingua (CTNL)
CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.org / www.ctnl.org

Acta da asemblea ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL)

LUGAR: Restaurante Espazo Cultural A Nave de Vidán (Avda. da Mestra Vitoria Míguez 44, Santiago de Compostela)

DATA: sábado, 2 de marzo de 2013

HORA DE COMEZO: 12.10 h

HORA DE REMATE: 13.15 h

NÚM. DE ASISTENTES: 19 persoas

ORDE DO DÍA

1. Lectura e votación da acta da asemblea anterior
2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas
3. Exposición, debate e votación do informe de xestión
4. Exposición, debate e votación do informe de contas
5. Exposición, debate e votación das propostas de acción para o próximo exercicio
6. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1. Lectura e votación da acta da asemblea anterior

A secretaria somete a votación a aprobación da acta da asemblea do ano 2012 e esta apróbase por unanimidade.

2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas

A secretaria, Rosa Moreiras, explica que durante o período interassemblear 2012-2013



registrouse a solicitude de alta de 10 novos socios e socias. Neste mesmo período rexistráronse 15 baixas. Os motivos expresados para as solicitudes de baixas foron económicos ou de desemprego (11) e non ter relación coa Normalización Lingüística (2). En dúas das baixas non se expresou ningún de motivo.

A Coordinadora, en febreiro de 2013, conta con 209 persoas asociadas. Nos últimos seis anos o número de asociados case se duplicou. Mentres en 2007 formaban parte da CTN 123 socios/as, en 2013 somos 209 persoas. Con todo, nos últimos dous anos o número de altas foi superado lixeiramente polo de baixas, na inmensa maioría dos casos por motivos económicos e/ou situación de desemprego.

Vótase e apróbase por unanimidade a proposta de altas e baixas presentada pola directiva.

3. Exposición, debate e votación do informe de xestión

O presidente, Nel Vidal, presenta comenta e somete a avaliación o informe/memoria de xestión correspondente ao período interasemblea 2012-2013.

Ábrese unha quenda intervencións na que ninguén pide a palabra. Vótase e apróbase por unanimidade o informe de xestión.

4. Exposición, debate e votación do informe de contas

A tesoureira, Dores Sánchez, antes de comezar coa exposición do informe, agradécelle á extesoureira, Anxos Sobriño, a súa colaboración ao longo de todo o ano. Expón o informe económico e ábrese unha quenda de intervencións.

Nel Vidal agradécelle a Dores Sánchez o traballo realizado e propón reinvestir en Normalización unha parte dos excedentes orzamentarios que fomos tendo ao longo destes anos.

A continuación vótase e apróbase con 18 votos a favor e unha abstención o informe económico de 2012 (desde o 16/02/2012 ao 17/02/2013).

5. Exposición, debate e votación das liñas de acción para o próximo exercicio

O presidente presenta o informe no que se recollen as principais liñas de acción propostas pola Xunta Directiva para o período interasemblea 2013-2014 e as previsións orzamentarias para o mesmo período .



A seguir ábrese unha quenda de intervencións:

Manuel Bermúdez valora positivamente as accións formativas propostas e pregunta se se vai votar para escoller entre elas ou se se van desenvolver todas.

Nel Vidal responde que outros anos se deixou a escolla en mans da directiva para que se valoren as posibilidades de desenvolvemento (datas, profesorado...), de xeito que se leven a cabo dúas ou tres das accións propostas. Comenta ademais que o máis complexo é encontrar profesorado que imparta os contidos propostos e pregunta se alguén ten algunha proposta de nomes.

Manuel Bermúdez comenta que na USC se desenvolveu un curso sobre a utilización das redes sociais para o traballo en Normalización Lingüística.

Nel Vidal indica que con eses mesmos obxectivos a coordinadora desenvolveu un curso este ano.

Goretti Sanmartín comenta que antes do 11 de marzo hai que definir as liñas xerais dos contidos do Curso de Verán de da UDC sobre Dinamización Lingüística.

Nel Vidal indica que, de momento, sobre o Curso de Verán deste ano non se adiantou moito. A primeira idea que se valorou foi O traballo colaborativo, na liña iniciada no Viveiro e no curso de verán do ano pasado, centrándoo, nesta ocasión, nos procedementos e nas técnicas. Aproveita para pedir valoración da asemblea.

Isa Vaquero indica que lle parece unha liña interesante e que debería englobar, ademais da colaboración entre entidades, organizacións etc, a implicación social doutros colectivos como procedemento e como obxectivo.

Olga Patiño comenta a posibilidade de planificar algún traballo en conxunto con persoas doutras realidades e propón que Txerra Rodríguez desenvolva algún obradoiro para vermos como traballan eles.

En canto ás previsións orzamentarias, Nel Vidal aclara que están calculadas sobre máximos e que o feito de que recollan máis gastos que ingresos, responde ao obxectivo de investir en normalización lingüística o superávit acumulado ao longo dos últimos anos.

Con respecto a isto, Isa Vaquero pregunta polos gastos por aulas. Nel Vidal aclara que, aínda que na maioría dos casos as aulas cédeas a Universidade e non teñen custo, recóllese unha cantidade nas previsións orzamentarias dado que, se se precisan aulas con características específicas, hai que pagar unha parte ou, se se solicitan aulas en sábados, a Ctnl ten que asumir os custos da conserxaría.

A seguir, votáronse as propostas de acción e as previsións orzamentarias e aprobáronse por unanimidade.

7. Rolda aberta de intervencións



ctnl
Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización
da Lingua (CTNL)
CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.org / www.ctnl.org

Manuel Bermúdez pide a palabra para darlle os parabéns á directiva pola súa dedicación e ánimo a seguir esforzándose por manter a súa personalidade e independencia.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13.15 h , o presidente deu por remata a asemblea, da que levanto acta como secretaria.

A secretaria

Visto e praxe

O presidente

Rosa Moreiras Cuñarro

Nel Vidal Barral



CTNL
Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización
da Lingua (CTNL)
CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.org / www.ctnl.org

LISTAXE DE ANEXOS

- **ANEXO 1:** Acta da asemblea ordinaria da CTNL de 2012
- **ANEXO 2:** Informe de altas e baixas de socios/as na CTNL durante o período interasemblembr 2012-2013
- **ANEXO 3:** Informe- memoria de xestión da CTNL do período interasemblembr 2012-2013
- **ANEXO 4:** Informe económico de 2012 (desde o 16/02/2012 ao 17/02/2013)
- **ANEXO 5:** Liñas de acción da CTNL para o período interasemblembr 2013-2014
- **ANEXO 6:** Previsións orzamentarias da CTNL para 2013